

OBXECTIVOS DA ESCOLA

OBXECTIVO XERAL

Dar continuidade ao oficio de cantería ou canteiro, con tanto arraigamento en Galicia.

OBXECTIVOS PRIMARIOS

Ensinar a traballar a pedra.

Estimular a vocación artística para o desenvolvemento da artesanía no sector da elaboración dos traballos en pedra.

OBXECTIVOS SECUNDARIOS

Crear postos de traballo no sector da cantería.

Crear un colectivo profesional preparado para traballar na restauración dos monumentos arquitectónicos e escultóricos do patrimonio histórico-artístico, nas empresas de construción e nos obradoiros artesanais da propia escola.


Conservar e promover o patrimonio arquitectónico tradicional e o patrimonio escultórico popular na súa propia contorna.

Crear un centro de investigación e tratamento da pedra.




Rúa Illa do Santo, 2, Boavista
36005 Poio, Pontevedra

Tel. 986 804 100
www.canteiros.depo.es
escola.canteiros@depo.es



Depósito Legal: PO 462-2016





MATRÍCULA

ALUMNADO OFICIAL

Poden matricularse todas as persoas menores de 35 anos que formalicen a matrícula nos prazos establecidos.

Deberán estar en posesión do título de graduado escolar ou equivalente.

A preinscrición para formalizar a matrícula realizarase a partir do mes de xuño.

ALUMNADO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA

Para aquelas persoas interesadas no coñecemento da pedra. A matrícula estará limitada a materias prácticas.

As clases desenvolveranse de 19 a 21 horas, de luns a xoves.



INSTALACIÓNS

Aulas de Debuxo Técnico, Debuxo Artístico, Historia da Arte, Informática, Laboratorio e Construción.
Obradoiros de Cantería, Escultura, Modelaxe e Construción.
Aula polivalente, pista deportiva e aulas auxiliares de Cociña.

MATERIAS

Cantería
Modelaxe
Escultura
Debuxo Técnico
Debuxo Artístico
Historia da Arte
Construción
Laboratorio
Informática

TITULACIÓNS

Unha vez finalizado o primeiro ciclo de estudos, que comprende os tres primeiros anos, o alumnado obtén o título de canteira ou canteiro, expedido pola Deputación de Pontevedra.

A titulación de mestra canteira ou mestre canteiro obteraa aquel alumnado que complete os estudos de formación do segundo ciclo (dous anos máis).

HORARIO DO ALUMNADO OFICIAL

De luns a venres
Mañás de 9:00 a 12:00 h
Tardes de 15:30 a 18:30 h

HISTORIA

A Escola de Cantería nace no ano 1979 e a Deputación de Pontevedra acóllea a partir de xaneiro de 1983, constituíndo unha fundación pública rexida por un padroado.

Inicialmente estaba situada nos baixos do mosteiro de Poio e, desde o ano 2000, está nas modernas instalacións de Boavista, Poio.



VISITAS

A Escola de Cantería de Pontevedra pode ser visitada por colectivos e persoas individuais mediante cita previa.

As visitas serán guiadas polo persoal da escola e constarán dun percorrido polas instalacións do centro, coa proxección dun DVD explicativo.



HORARIOS DE VISITA

De luns a xoves
Mañás de 10:00 a 12:00 h
Tardes de 16:00 a 18:30 h

(A escola dispón de acceso para persoas discapacitadas)